



CULLEREDO
CONCELLO

Culleredo

Rego das Xesteiras

Ruta fluvial e etnográfica

Un paseo no que coñecer parte da riqueza etnográfica e natural de Culleredo

Un paseo para conocer parte de la riqueza etnográfica y natural de Culleredo

O Rego das Xesteiras, nace na ladeira norte do monte Xalo, na parroquia de Celas.

Nun recorrido lineal de apenas 1.000 metros atopamos un conxunto de 11 muíños que utilizaban, sucesivamente, a auga do rego como fonte de enerxía para moer o cereal cultivado polos veciños de Celas.

El Rego das Xesteiras, nace en la ladera norte del monte Xalo, en la parroquia de Celas.

En un recorrido lineal de apenas 1.000 metros, encontramos un conjunto de 11 molinos que utilizaban, sucesivamente, el agua del arroyo como fuente de energía para moler el cereal cultivado por los vecinos de Celas.



Ao carón do regato, gozaremos da tranquilidade que nos transmite o son da auga que discorre entre os fentos e as rochas que salpican o curso.

Al lado del riachuelo, disfrutaremos de la tranquilidad que transmite el sonido del agua que discurre entre los helechos y las rocas que salpican el curso.

A medida que avanzamos por un chan amolentado polas follas, sentiremos o canto dos paxaros que nos observan parapetados tras dun bolo de granito ou que se agochan entre as polas das árbores que asombran o percorrido.

A medida que avanzamos, por un suelo mullido por las hojas, sentiremos el canto de los pájaros que nos observan parapetados tras de un bolo de granito o que se esconden entre las ramas de los árboles que dan sombra al recorrido.




Os muíños

Os muíños do Rego das Xesteiras son un magnífico exemplo da arquitectura popular ligada ao agro. Testemuñan a importancia dunha economía baseada no aproveitamento equilibrado do recursos que ofrece a natureza.

Vistos hoxe como referente etnográfica, débemolos entender, tamén, como complicadas obras de enxeñaría hidráulica perfectamente integradas no medio.

Los molinos del Rego de las Xesteiras son un magnífico ejemplo de la arquitectura popular ligada al campo. Son testimonio de la importancia de una economía basada en el aprovechamiento equilibrado del recursos que ofrece la naturaleza.

Vistos hoy cómo referente etnográfica, los debimos entender, también, como complicadas obras de ingeniería hidráulica perfectamente integradas en medio.



O funcionamento dos muíños estaba limitado pola dispoñibilidade dun caudal estable que permitira mover a súa maquinaria.

As veces debían compartir a auga cos usos agrarios, e outras, cando o río viña moi cheo, tiñan que estar parados para que non se danaran os mecanismos.

El funcionamiento de los molinos estaba limitado por la disponibilidad de un caudal estable que permitiera mover su maquinaria.

En ocasiones debían compartir el agua con usos agrarios, y otras, cuando el río venía muy crecido, tenían que estar parados para que no se dañaran los mecanismos.

Segundo os interrogatorios do Catastro do Marqués de la Ensenada, a mediados do século XVIII, había nas parroquias de Culleredo 62 “muíños fariñeiros” movidos pola auga.

A vida no río

Árbores autóctonas e de repoboación conforman a paisaxe característica dun bosque de ribeira no que as transformacións feitas coas actividades humanas non racharon o equilibrio co medio natural.

Árboles autóctonos y de repoblación, conforman el paisaje característico de un bosque de ribera en el que las transformaciones hechas con las actividades humanas no rompieron el equilibrio con el medio natural.



Amieiros, salgueiros, freixos, carballos, e bidueiros, intercálanse con algúns exemplares alóctonos como o eucalipto.

A densidade do bosque aporta a sombra necesaria para manter a humidade e que medren abundantes musgos.

Nos remansos do río, xunto as densas colonias de fentos, atopamos insectos como o zapateiro e as libélulas, anfibios como o tritón e tamén as galerías escavadas por algún pequeno mamífero.

Alisos, sauces, fresnos, robles, y abedules, intercálanse con algunos ejemplares alóctonos como el eucalipto.

La densidad del bosque aporta la sombra necesaria para mantener la humedad y que crezcan abundantes musgos.

En los remansos del río, junto las densas colonias de helechos, encontramos insectos como el zapatero y las libélulas, anfibios como el tritón y también las galerías excavadas por algún pequeño mamífero.

A natureza e o home

Pedra, madeira e auga, son os tres elementos que natureza e home conxugaron de maneira harmoniosa nesta paraxe. No borde do río, intercalados no traxecto, afloran inmensos bolos graníticos formados pola degradación química das rochas. Algúns amosan marcadas entalladuras, posiblemente polo uso como material para a construción dos muíños. A ben seguro que algún dos pés dos muíños da Xesteira está traballado con estas rochas.

Piedra, madera y agua, son los tres elementos que naturaleza y hombre conjugaron de manera armoniosa en este paraje. En el borde del río, intercalados en el trayecto, afloran inmensos bolos graníticos formados por la degradación química de las rocas. Algunos presentan marcadas entalladuras posiblemente por su uso como material para la construcción de los molinos. Con seguridad que alguno de los pies de los molinos de A Xesteira está trabajado con estas rocas.



seguro que che interesa - seguro que te interesa

Muíños: ademais destes muíños de canle, no noso concello están os **muíños de marea de Acea de Ama**, do século XII, os mais antigos desta tipoloxía de Galicia. No paseo do río Trabe, atoparás o **muíño de río da Fonte da Balsa**.

Arquitectura: nas proximidades da ruta está o **parque de Celas**, a **Torre Medieval** e a **Igrexa de Santa María**.

Sendeirismo: dende o rego das Xesteiras podes continuar o roteiro polo **Monte Xalo**.

Molinos: además de estos molinos de canal, en nuestro ayuntamiento están los **molinos de marea de Acea de Ama**, del siglo XII, los mas antiguos de esta tipología de Galicia. En el paseo del río Trabe, encontrarás el **molino de río de la Fonte de la Balsa**.

Arquitectura: en las cercanías de la ruta está el **parque de Celas**, la **Torre Medieval** y la **Iglesia de Santa María**.

Senderismo: desde el rego das Xesteiras puedes continuar la ruta por el Monte Xalo.

